

### **Docasar esixe por 3ª vez en catro meses que “se faga xustiza”, e que a Xunta dote ao IES LAMA DAS QUENDAS de Chantada dunha sección de inglés**

Ao igual que fixo en marzo e maio, mañá pedirá ao Goberno galego que retroceda na súa decisión “de mirar para outro lado con respecto a este asunto”, pois trátase dunha iniciativa que conta co respaldo unánime dos alcaldes e concelleiros da comarca de Chantada, así como do claustro de profesores e do Consello Escolar do centro educativo

O deputado autonómico leva este tema agora ao Pleno do Parlamento de Galicia, como resposta ao aluvián de solicitudes rexistradas, que pasaron dunhas 30 no mes de marzo a máis de 160 na actualidade

Para o socialista “tal desidia” do Goberno galego é unha mostra do “nulo respecto que ten polos veciños dunha comarca da Galicia interior como é a de Chantada, así como polos responsables do propio partido popular na zona que apoiaron unanimemente este tema nos Plenos dos seus respectivos concellos

Pídelle ao PP que “se baixe da soberbia e da prepotencia, e que escoite á cidadanía, se queren realmente recuperar o prestixio e o valor da política”

**CHANTADA, 10 DE XUÑO DE 2014.**- O deputado autonómico –Vicente Docasar- esixirá mañá mércores, e por terceira vez en catro meses no Parlamento, que a Xunta de Galicia implante unha sección de inglés da Escola Oficial de Idiomas de Monforte no Instituto Lama das Quendas de Chantada. Deste xeito, o socialista, ao igual que fixo en marzo e maio pedirá ao Goberno galego que baixen da prepotencia e deixen “de mirar para outro lado con respecto a este asunto”, pois trátase dunha iniciativa que conta co respaldo dos unánime dos plenos dos concellos de Chantada, Taboada e Carballedo, así como do claustro de profesores e do Consello Escolar do IES chantadino.

Docasar volve levar este asunto ao Pleno como resposta tamén ao aluvián de solicitudes rexistradas para que o Executivo autonómico dote a este centro educativo de dita especialidade, pois dende marzo o número de peticións case se quintuplicou. En total, as solicitudes pasaron de 30 naquel momento a máis de 160 na actualidade.

Por este motivo, o deputado socialista subraia que “o PP non escoita a ninguén, nin respeta a ninguén. É un Partido instalado na soberbia. Estamos a falar, ademais, dun investimento moi pequeno, pero que sería moi rendible socialmente. O noso obxectivo é que a Consellería rectifique porque entendemos que se hai 1 millón de euros para que unha empresa privada organice cursos de inglés nos Peares, por certo, no pobo do Presidente, tamén os debe haber para habilitar media praza de profesor en Chantada”.

#### **“Nulo respecto aos veciños e aos compañeiros do PP”**

Para o socialista “tal desidia” do Goberno galego é unha mostra do “nulo respecto que ten polos veciños e veciñas dunha comarca da Galicia interior como é a de Chantada; territorio que, por certo, “só parece ser importante en campañas electorais como graneiro de votos, pero que, unha vez pasados estes procesos, se esquece del”.

Asimesmo, indica o deputado autonómico, tamén “é un nulo respecto aos compañeiros do PP desta zona pois, mentres eles apoiaron unanimemente este tema nos plenos dos seus concellos, os seus xefes en Santiago din non por sistema ás súas peticións”. Ante esta “falta de criterio”, Docasar preguntase: “onde están os alcaldes e concelleiros do PP na comarca de Chantada para levantar a súa voz en defensa desta causa tan xusta? A quen defenden: á xente de Chantada ou ao que lle din en Santiago Feijóo e Jesús Vázquez?”. Por este motivo, pídelles “que dén a cara”, ao tempo que agarda que nesta terceira ocasión “sexo a vencida. Non entenderíamos un terceiro non por resposta”.

### **“Cuestión de sensibilidade política”**

Esta é “unha cuestión de sensibilidade e vontade política”, afirma o deputado monfortino, pois o custe da implantación deste sistema sería mínimo, xa que o Instituto dispón da infraestrutura necesaria e, na actualidade, tamén está aberto no horario necesario para albergar o citado servizo sen custe engadido. Tal é así que o Goberno galego só tería que habilitar media praza de profesor ou profesora para implantar este importante servizo.

Existen Escolas Oficiais de Idiomas en Monforte, Lugo e Lalín, pero as comarcas de Chantada e da Ulloa están mal comunicadas neste senso, o que obriga a recorrer ao vehículo particular, xa que non existen medios públicos de transporte para realizar unha distancias que non son menores, e que supoñen un gasto engadido, sobre todo, para as persoas que carecen de emprego ou de recursos suficientes.